




DO 30 DE XANEIRO
AO 5 DE ABRIL DE 2026

san sebastián

*corpo de beleza e dor
unha paixón privada*

EDIFICIO CASTELAO
MUSEO DE PONTEVEDRA
museo.depo.gal



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

**San Sebastián,
corpo de beleza e
dor. Unha paixón
privada**

Do 30 de xaneiro ao
5 de abril de 2026

Comisariado:
Xosé Manuel Buxán
Bran e Natalia
Fraguas Fernández

Museo de
Pontevedra,
Edificio Castelao

O proxecto expositivo xorde a partir da investigación que o profesor Buxán Bran presentara en 1995 na Universidade do País Vasco coa súa tese doutoral, titulada *Homoerotismo na iconografía de San Sebastián Mártir. Unha visión desde o presente*. Ao longo dos anos, o comisario e crítico continuou esa investigación sobre o eros e a imaxe de Sebastián que agora se amosa no Museo de Pontevedra, fundamentalmente na súa vertente de obra gráfica expandida: desde as técnicas tradicionais do gravado ata a edición actual en portadas de libros, discos e revistas, carteis e mesmo serigrafías para camisetas. Acompañao no comisariado Natalia Fraguas, especialista en arte gráfica do propio Museo.

A exposición amosa unha extensa representación de imaxes que van desde estampas de mestres gravadores do norte, cuxas pranchas máis antigas son do século xvi (e dos que posúen copias coleccionistas privados e algúns dos gabinetes de estampas dos grandes museos do mundo) ata un mostrario das derivadas da arte gráfica contemporánea que na actualidade seguen a revivir a iconografía e o mito de san Sebastián no ámbito da publicidade.

Na sección máis extensa, referida ao gravado, a mostra divídese nos seguintes apartados, que aluden ao xeito de

representar o mártir: 1. Martirio de san Sebastián; 2. Sebastián, só e nu; 3. Sebastián, un torso en primeiro plano; 4. Sebastián, asistido polos anxos; 5. Sebastián e as santas mulleres; 6. Sebastián in gloria; e 7. Sebastián noutros escenarios posibles. Desa maneira téntase entender e visualizar para o público xeral todos os modos cos que a historia da arte encarou a iconografía de Sebastián.

Co propósito de entender as ricas derivacións da imaxe de Sebastián no campo da cultura, o seguinte grupo de traballos da mostra céntrase nas capas ou portadas nas que o mundo editorial e literario reivindica o santo, na meirande parte das veces por ser metáfora do desexo carnal e da beleza, da dor e do pracer, da afouteza e da pasividade. Na ampla selección vemos capas de ensaios, novelas ou poemarios que atoparon no santo a súa inspiración gráfica. Tamén capas de discos e cedés, portadas de revistas, carteis de películas, deseños de camisetas ou publicidade e perfumería.

Finalmente, a exposición péchase co que sería un esbozo dunha posible segunda parte de estudo do tema sebastiniano. E aí vemos exemplos de Sebastián en escultura en pedra calcaria, bronce e alabastro, tamén cerámica e mesmo un relevo en marfil, de diferentes épocas e procedencias internacionais. A inspiración que o mito subministrou a pintores, escultores e fotógrafos fica para esa posible segunda parte.

Asemade, cómpre falar do coleccionismo, dado que todas as obras proceden do ámbito privado. É interesante observar como coleccionar representacións de san Sebastián semella unha paixón privada e case que oculta, tal como queremos suxerir no propio subtítulo da mostra.

É esta unha exposición singular e extensa, que conta con precedentes en diversos museos e publicacións internacionais (xa que tamén se amosan distintos catálogos dedicados ao tema), pero que en España aínda non se fixera con esta variedade de fontes, soportes e recursos. Ademais, o feito de ser san Sebastián o patrón de Pontevedra engade outra razón ao interese que ten esta mostra para a propia cidade.



Ferdinando Gregori
San Sebastián, 1756

AS SECCIÓNS DA EXPOSICIÓN

1. Martirio de San Sebastián

O máis habitual é que Sebastián apareza atado a unha árbore no campo para ser axustizado, pero ás veces vémolos prendido a unha columna nun ámbito urbano. Segundo a lenda, o santo soldado foi martirizado polos seus propios compañeiros de armas, mais en bastantes ocasións os artistas vestiron os verdugos con prendas doutras latitudes, nun claro signo de xenofobia.



▲ Jan van Ossenbeck

Martirio de San Sebastián, 1658

2. Sebastián, só e nu

É a forma máis común de representalo: espido na natureza e atado a unha árbore. A súa soidade é expresión de orgullo e afouteza, mesmo fronte á adversidade e ás feridas. A nudez de Sebastián actúa como diana para os arqueiros porque o seu corpo incólume e espido é tamén o “branco” ao que dirixir os dardos.



◀ Gottfried Graf

San Sebastián, 1921

▼ Teresa del Po

San Sebastián, ca. 1684

3. Sebastián, un torso en primeiro plano

O achegamento que a arte foi facendo a ese rostro e torso de Sebastián pretende unha conexión máis fonda: sentimos o seu latexar como home ferido e luminoso, derrotado e fachendoso, feble e poderoso. Por veces, semella un retrato onde repararmos na expresividade dos seus longos cabelos, nas belas faccións do seu rostro, no seu ollar que nos observa ou nas contornas do seu peito atlético.



4. Sebastián, asistido polos anxos

Ás veces, semella que o santo ficou só, atado á árbore, pero vemos que próximo a el voan anxos, así que sabemos que veñen no seu auxilio e, en ocasións, baixan á terra para desligalo das ataduras e curalo das feridas quitándolle as frechas. Daquela, el fica esmorecente e entregado aos coidados dos anxos e á mirada de quen observa a escena.



▲
Simone Cantarini
San Sebastián, anterior a 1648



5. Sebastián e as santas mulleres

Coa contrarreforma iníciase unha liña iconográfica nova, a aparición dun episodio relatado na súa lenda e esquecido ata entón: que, logo do axustizamento, Irene e outras santas mulleres foron en auxilio do Sebastián para curalo das feridas. O santo comparte a escena con elas e adquire un rol moito máis pasivo, débil e, por tanto, dependente.

◀
Ana Maria Pacheco
Estudo para Sebastián II, 1998

▼
Anónimo
Santos en xaneiro, s/d


6. Sebastián *in gloria*

Agrúpanse aquí as imaxes dun santo xa na gloria do ceo, acompañado de santos e santas, en moitas ocasións coa Virxe presidindo, no que se veu chamando *sacra conversazione*. Nesas conversas sacras, a figura de home novo e seminu de Sebastián destaca nunha corte celestial onde imperan os hábitos longos e as barbas venerables.



7. Sebastián noutros escenarios posibles

Referimos aquí aquelas outras poucas escenas do mártir que non seguen a tónica xeral. Representan episodios narrados na súa vida que non tiveron continuidade ou interese para o resto das e dos artistas, seguramente porque ese corpo-diana cuberto de frechas resultaba unha icona insuperable como emblema e símbolo.



Jan Baptist Vrints
Feira de San Sebastián,
ca. 1575-1610

8. Sebastián noutros soportes

Agrupamos aquí as representacións de Sebastián que aparecen en moda, portadas de libros e revistas, fundas de discos, carteis ou perfumería; obras que atravesan diferentes épocas e amosan a vixencia e pertinencia dunha icona que segue a suscitar o interese xa non só da arte, senón da cultura e da sociedade.



O GRAVADO DO S. XVI A HOXE

A través das representacións de San Sebastián, a exposición realiza un percorrido case completo pola historia do gravado europeo, desde os seus grandes mestres históricos ata as súas manifestacións contemporáneas, cunha calidade e representatividade notables que permiten comprender a evolución desta técnica artística.



A nómina de artistas presentes na exposición inclúe algúns dos nomes máis relevantes da estampa en Europa desde o século XVI ata a actualidade, cunha presenza destacada do gravado barroco dos séculos XVII e XVIII. Predominan as obras procedentes dos principais centros de produción de gravado na época moderna: Países Baixos, Flandes, Italia e Francia, pero tamén doutros espazos como España e Inglaterra.

Entre os mestres antigos presentes atopamos algúns nomes de importancia capital: **Lucas van Leyden** (c.1494-1533), innovador do Renacemento neerlandés e contemporáneo de Durerro; a familia Sadeler, especialmente **Aegidius Sadeler II** (1568-1629), gravador da época manierista coñecido polas súas reproducións de artistas como Durerro e Rafael Sanzio; **Jacques Callot** (1592-1635), considerado un dos máis grandes gravadores da historia, que revolucionou a técnica da auga forte e influíu en Rembrandt e Goya; e **Simone Cantarini**

Jacques Callot
Martirio de San Sebastián,
1615-1635

(1612-1648), pintor e gravador italiano do Barroco, discípulo de Guido Reni.

Tamén merecen mención especial **John Baptist Jackson** (1701-1780), pioneiro da xilogravura a cor en Inglaterra; e **Juan Antonio Salvador Carmona** (1740-1805), o mellor gravador español ao buril do seu tempo e director de gravado na Real Academia de San Fernando.

Outros artistas de grande relevancia son **Nicolas Dorigny**, especialista en reproducir obras de Rafael; **Cornelis Schut**, discípulo de Rubens; **Niccolò Boldrini**, colaborador de Tiziano na xilogravura veneciana e **Teresa del Po**, unha das poucas mulleres admitidas na Accademia di San Luca.

Desde as vangardas do século XX á arte actual, San Sebastián seguiu a ter protagonismo en obras de artistas tan relevantes como **Keith Haring** (1958-1990), figura icónica do pop art e a arte urbana dos anos 80, o expresionista **Gottfried Graf** (1881-1938), a brasileira **Ana Maria Pacheco** (1943) e o galego **Roberto González Fernández** (1948).



Roberto González Fernández
DEAYM (De Amor Y Muerte),
1993

San Sebastián, corpo de beleza e dor

Unha paixón privada

Dirección

Ángeles Tilve Jar

Comisariado

Xosé Manuel Buxán Bran
Natalia Fraguas Fernández

Coordinación

Fátima Cobo Rodríguez

Conservación e restauración

Mercedes del Campo Lores

Deseño gráfico

David Carballal

Montaxe

Carlos Calvo Abelleira
Roberto Rey Solla
Museo de Pontevedra